



Veciñanza lamenta que unha vez máis o Concello de Cuntis perda unha subvención debido á súa propia incompetencia

Cuntis foi un dos catro concellos excluídos das axudas para a redacción de Plans de Mobilidade Sostible, de novo por incumprimento das bases da convocatoria. A incapacidade do Goberno Municipal é reincidente xa que, fai poucos meses, tamén lle era denegada unha axuda para o impulso do Polígono da Ran. Veciñanza lamenta que as consecuencias as paguen de novo os veciños e veciñas de Cuntis, que se mantén en estado de parálise.

Cuntis, 25 de abril de 2018. O Boletín Oficial da Provincia publicaba a semana (<http://www.boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2018/04/20/2018016546>) pasada a exclusión do Concello de Cuntis das axudas para a redacción de Plans de Mobilidade sostible, que concede a Deputación. **De novo, Cuntis incumpriu unha das bases (a quinta) da convocatoria e foi excluída da subvención** solicitada para a redacción do estudo de peonalización do casco urbano, segundo afirmara no seu día o propio Alcalde. Unha vez máis, **a incapacidade deste Goberno queda demostrada e quen paga as consecuencias é o conxunto dos veciños/as de Cuntis, que ven como calquera mínimo proxecto queda a expensas dun Goberno que reiteradamente se equivoca no máis elemental.**

É reincidente. No mes de decembro pasado coñeciamos a exclusión de Cuntis das axudas da Deputación de Pontevedra para o impulso do Polígono da Ran. A administración local incumpría as bases da convocatoria e o ente provincial non achegará o millón de euros previsto para a humanización do vial e a construción do viveiro de empresas de Meira.

Neste caso, a Cuntis corresponderíalle un máximo de 9000 euros, segundo o ratio poboacional establecido nas bases da convocatoria (concellos de menos de 6000 habitantes). **Resultaron beneficiarios un total de 38 concellos da provincia, quedando excluídos unicamente catro, entre eles o de Cuntis.**

Veciñanza considera gravísima a incapacidade deste Goberno e intolerable a reincidencia no incumprimento de bases. Sendo o concello de Cuntis tan dependente como é das axudas doutras administracións, **que sistematicamente quede excluído das subvencións por deficiencias burocráticas revela serias carencias.** O Bipartito demostra unha incapacidade clara e incuestionable e a súa ineficiencia pagámola todos/as. **Son moitos os proxectos que dependen de subvencións provinciais e a súa sistemática denegación condénanos á paralise.**

